

UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Aguet, Pilar
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^ª.
Montero Muñoz, María

DESCULPA ASISTENCIA

Gil Villanueva, José M^ª.

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 13 de maio de dous mil oito ás 09:00 horas en primeira convocatoria e ás 09:30 horas en segunda.

O **martes, día 13 de maio de 2008**, ás 09:35 horas, na Sala de Xuntas reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 06 de maio de 2008.
2. Informe sobre as candidaturas definitivas no Departamento de Enxeñaría dos Materias, Mecánica Aplicada e Construción (T05).
3. Aprobación, se procede, da composición e do nomeamento das mesas electorais para a elección a membros do Claustro polo sector estudantes.
4. Declaración, se procede, da conclusión do proceso electoral das eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e aos Consellos de Departamentos en varias circunscricións.
5. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 06 de maio de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe sobre as candidaturas definitivas no Departamento de Enxeñaría dos Materias, Mecánica Aplicada e Construción (T05).

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que por erro administrativo foron excluídas no listado de candidaturas definitivas de terceiro ciclo: Laura Mera Álvarez e Silvia Trillo Lago, detectado o mesmo e non prexudicando a ninguén, xa que non hai candidatos suficientes para que haxa eleccións, decidiuse a inclusión.

Punto 3. Aprobación, se procede, da composición e do nomeamento das mesas electorais para a elección a membros do Claustro polo sector estudantes.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que o artigo 24 do Regulamento de eleccións de membros do Claustro Universitario establece que a Comisión Electoral debe nomear aos membros das mesas electorais.

Hai un cambio, posto que o Prof. Isidoro Blanco que está en comisión de servizos na Universidade de Alacante, estaba de Presidente titular na Facultade de Dereito de Ourense, o suplente o Prof. Pablo Bonorino pasou a titular e nomeouse outro suplente, o Prof. Roberto Bustillo.

Poderá haber cambios por imposibilidade de asistencia e pido á Comisión Electoral que delegue en min a facultade de facer os nomeamentos que sexan necesarios para suplir aos que de forma motivada expliciten a súa imposibilidade.

O Sr. Fernández solicita que se dea conta aos membros da comisión dos cambios que se produzan.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Declaración, se procede, da conclusión do proceso electoral das eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e aos Consellos de Departamentos en varias circunscricións.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata de dar por finalizado o proceso electoral en todos aqueles centros e departamentos nos que haxa menos candidatos que postos a cubrir e onde non houbo candidatos presentados.

Hai que facer eleccións en 5 departamentos:

- Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos.
- Escultura.
- Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción.
- Análise e intervención psicosocio-educativa.
- Dereito Público.

Para Claustro, hai que facer eleccións en:

- - Bioloxía.
- - Telecomunicacións.
- - Ciencias Sociais.
- - Historia.
- - Ciencias da Educación.
- - Dereito.
- - Empresariais e Turismo.
- - Informática.

Pregunta o Sr. Fernández se dado por finalizado o proceso electoral en determinados departamentos e centros, se se van facer os nomeamentos agora ou se esperará ao final.

A secretaria xeral resposta que se fará ao final.


Apróbase por asentimento

Punto 5. Rogos e preguntas.

Anúnciase que se convocará a seguinte reunión para o día 22 ás 09:00 horas en primeira convocatoria e as 9:30 horas en segunda.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:45 horas do día 13 de maio de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da comisión electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da comisión electoral



Esther Mª González Pillado